

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA CONTRATACIÓN
DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE COMPUTACIÓN
E COMUNICACIÓNS DESTINADO A SERVIZOS Á INDUSTRIA**

(Expediente contratación 3/15)

Data: 8 de outubro de 2015

Hora: 10:00

Lugar: Fundación CESGA

Asistentes: Javier García Tobío.
Rosa Fernández Acevedo.
Guillermo González Tato.
Ignacio López Cabido.
Aurelio Rodríguez López (Suplente)
Carlos Fernández Sánchez
Natalia Costas Lago

Empresas asistentes :

EDNON, S.L., representada por Javier Díaz

Data Base Storage S.L., representada por Juan Esteban Cabello.

Sistemas Audiovisuales ITELISIS, S.L., representada por Javier Badás

Ambar Telecomunicaciones, representada por Luciano Novo

Iniciase a reunión co seguinte orde do día:

1.- Relación de admitidos e excluídos ao procedemento.

O Presidente da mesa comeza a reunión sinalando que tódalas empresas presentadas ao procedemento están admitidas xa que cumpren tódolos requirimentos técnicos do prego de condicións.

2.- Valoración dos criterios non avaliados de xeito automático.

Continúase dando conta da puntuación acadada por cada unha das ofertas admitidas ao procedemento.

O presidente indica a secretaria da Mesa de Contratación que faga entrega aos asistentes dunha copia dos cadros resumen das valoracións que a continuación se expoñen:

Lote I: Nodo cluster SVG: A puntuación máxima que poden acadar as ofertas, no que respecta aos criterios non avaliados de xeito automáticos, segundo o apartado G da folia de especificacións do prego de condicións é de 20 puntos.

Analizados os criterios cualitativos descritos, a puntuación acadada por cada unha das proposicións presentadas foi a seguinte:

LOTE I: PUNTUACIÓN CRITERIOS CUALITATIVOS			
Criterio	EDNON	HP	OMEGA Data Base
Calidade Tecnolóxica Nodos	17	15	12
Calidade da Rede de Interconexión	1	2	1
TOTAL	18	17	13

Lote II: Radio-Enlaces: A puntuación máxima que poden acadar as ofertas, no que respecta aos criterios non avaliados de xeito automático, segundo o apartado G da folia de especificacións do prego de condicións é de 30 puntos.

Analizados os criterios cualitativos descritos, a puntuación acadada por cada unha das proposicións presentadas foi a seguinte:

LOTE II: PUNTUACIÓN CRITERIOS CUALITATIVOS			
Criterio	ACUNTIA	ITELSYS	AMBAR
Calidade Tecnolóxica	16	8	2
Plan de implantación	4	3	2
Garantía	0	2	1
Formación	0,2	1	0,5
TOTAL	20,2	14	5,5

Inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, co nº 2002/12, C.I.F., G-15852981

3.- Apertura do sobre C.

Unha vez que os interesados presentes comprobamos que os sobres C que conteñen a documentación atópanse na Mesa en idénticas condicións as que foron entregados, o Presidente da mesma ordena a apertura dos sobres C dando lectura das propostas cuantitativas formuladas polos licitadores.

Lote I: Nodo Cluster SVG

O orzamento de licitación segundo o apartado C da folia de especificacións do prego é de cen mil euros (100.000,00 €).

I.1. Orzamento (sen IVE): oitenta e dous mil seiscentos corenta e catro euros con sesenta e dous céntimos (82.644,62 €).

I.2. IVE: dezasete mil tres centos cincuenta e cinco euros con trinta e oito céntimos (17.355,38 €)

A cláusula G da folia de especificacións do prego establece os seguintes criterios cuantitativos para este lote:

Criterios avaliados automaticamente	PUNTUACIÓN
Rendemento agregado:	35
Eficiencia enerxética:	3
Garantía:	2
Prezo:	40
TOTAL	80

Procédese á lectura das propostas:

LOTE I: PROPOSTAS				
EMPRESA	Rendemento agregado	Eficiencia enerxética (Kw)	Garantía (Anos)	Prezo (sen IVE)
HP	8328	4,78	3	82.482,00
EDNON	7000	5,3976	3	81.924,00
OMEGA Data Base	6318	4,383	4	82.600,00

Ningunha das ofertas incorre en baixa anormal ou desproporcionada nin precisa aclaración.

Lote II: Radio-Enlace:

O orzamento de licitación segundo o apartado C da folia de especificacións do prego é de trinta mil euros (30.000,00 €).

I.1. Orzamento (sen IVE): vinte e catro mil setecentos noventa e tres euros con trinta e oito céntimos (24.793,38 €).

I.2. IVE: cinco mil dous centos seis euros con sesenta e dous céntimos (5.206,62 €)

A cláusula G da folia de especificacións do prego establece os seguintes criterios cuantitativos para este lote:

Criterios avaliados automaticamente	PUNTUACIÓN
Garantía:	20
Ancho de banda:	10
Prezo:	40
TOTAL	70

Procédese á lectura das propostas:

LOTE II: PROPOSTAS			
EMPRESA	Garantía (Anos)	Ancho de Banda Mbps	Prezo (sen IVE)
ACUNTIA	5	500	23.306,66
AMBAR	5	275	21.221,18
ITELSYS	5	750	21.657,41

Ningunha das ofertas incorre en baixa anormal ou desproporcionada nin precisa aclaración.

O Presidente invita aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado, informándolles, en caso de producirse estas, da posibilidade de presentar reclamacións escritas ante o órgano de contratación, no prazo máximo de dous (2) días hábiles.

A mesa de contratación comprométese a:

- Publicar na plataforma de contratación e máis no perfil do contratante o documento entregado ás empresas ao inicio da reunión, coas conclusións e valoracións das propostas técnicas incluídas no sobre B.
- Publicar na plataforma de contratación e máis no perfil do contratante un resumo das puntuacións acadadas por cada unha das empresas tendo en conta os criterios avaliábeis e non avaliábeis automaticamente, unha vez revisada e analizada a documentación contida nos sobres C.

4.- Valoración dos criterios avaliábeis de xeito automático.

Unha vez que as empresas abandonan a sala, a mesa de contratación revisa a documentación entregada polas empresas.

Ningunha das ofertas presentas incorren en baixa anormal ou desproporcionada nin precisa aclaración, polo que se procede a valoración dos sobres C das ofertas, segundo os criterios indicados. A puntuación acadada por cada unha delas é a seguinte:

LOTE I: PUNTUACIÓN CRITERIOS CUANTITATIVOS					
EMPRESA	Rendemento agregado	Eficiencia enerxética (Kw)	Garantía (Anos)	Prezo (sen IVE)	TOTAL
HP	35,00	3,00	0	0,06	38,06
EDNON	23,17	0,00	0	0,33	23,49
OMEGA Data Base	17,09	0,97	2	0,00	20,06

LOTE II: PUNTUACIÓN CRITERIOS CUANTITATIVOS				
EMPRESA	Garantía (Anos adicionais)	Ancho de Banda	Prezo (sen IVE)	TOTAL
ACUNTIA	20	6	0,00	26,00
AMBAR	20	1,5	3,58	25,08
ITELISIS	20	10	2,83	32,83

A puntuación total acadada polas empresas tendo en conta tanto os criterios cualitativos como cuantitativos é a seguinte:

LOTE I: NODO CLUSTER SVG PUNTUACIÓN TOTAL			
EMPRESA	TOTAL puntos SOBRE B	TOTAL puntos SOBRE C	TOTAL
HP	17	38,06	55,06
EDNON	18	23,49	41,49
OMEGA DATA BASE	13	20,06	33,06

LOTE II: RADIO-ENLACE PUNTUACIÓN TOTAL			
EMPRESA	TOTAL puntos SOBRE B	TOTAL puntos SOBRE C	TOTAL
ITELISIS	14	32,83	46,83
ACUNTIA	20,2	26,00	46,20
AMBAR	5,5	25,08	30,58

5.- Proposta de adjudicación do expediente.

Á vista da puntuación acadada polas empresas, as ofertas que acadaron maior puntuación en cada un dos lotes foron as seguintes:

- Lote I, Nodo Cluster SVG: Hewlett Packard Servicios España, S.L.
- Lote II, Radio-Enlace: Sistemas Audiovisuales ITELISIS, S.L.


A mesa de contratación acorda comunicar ao Órgano de Contratación as ofertas que acadaron a máis puntuación co fin de que lle requira a documentación do punto 10.1 dos pregos

6.- Aprobación da acta da reunión actual.

Apróbanse por unanimidade a presente acta.

Non habendo máis temas que tratar, levántase sesión ás 11:05 horas no lugar e día indicado,

Javier García Tobío
Presidente



Rosa Fernández Acevedo
Secretaria



Carlos Fernández Sánchez
Vogal



Natalia Costas Lago
Vogal

Guillermo González Tato
Asesor Xurídico



Ignacio López Cabido
Vogal



Aurelio Rodríguez López
Vogal